



**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E REALIZACIÓN DA PROBA SELECTIVA PARA A CONTRATACIÓN DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL.**

Na Casa do Concello de Touro, sendo as dezaseis horas do día quince de marzo de dous mil vinte e dous, constitúese o Tribunal para a realización do exercicio único da convocatoria para a contratación dun auxiliar-administrativo con carácter de laboral temporal, conforme ao establecido na base sétima da convocatoria publicada no Boletín oficial da Provincia nº 213, de data 9 de novembro de 2021, integrado polos seguintes membros:

Presidente: Jesús José Reboredo González, secretario accidental do Concello.

Vocais.....: D<sup>a</sup> María Cruz Andrade García, secretaria do Concello de Melide.

D<sup>a</sup> María José Nartallo Penas, secretaria-Interventora Concello de Trazo.

D<sup>a</sup> María Nieves González Mujico, educadora familiar do Concello.

Secretario: D José Ramón Casal Orza, auxiliar administrativo do Concello.

O señor presidente declara constituído o Tribunal e procédese á elaboración do cuestionario tipo test, composto por 80 preguntas e 5 máis de reserva, previsto como exercicio único de carácter obrigatorio na base oitava.

Para a realización do exercicio prepárase a documentación seguinte:

- Un sobre grande branco que se entregará a cada candidato, contendo os seguintes documentos:
  - a) O cuestionario do exame.
  - b) Un impreso identificativo, no que o aspirante deberá consignar nome, apelidos e DNI.
  - c) Un xogo de dúas etiquetas numeradas, que se pegarán: unha, ao cuestionario do exame, e outra, ao sobre identificativo.
  - d) Un sobre pequeno branco, no que se introducirá o impreso cos datos de identificación.

Seguidamente, os membros do tribunal desprázanse ás instalacións do Colexio Público de Touro (CPI Fonte Díaz), lugar previsto para a realización do exercicio.

Procédeuse en primeiro lugar á identificación dos participantes mediante a exhibición do DNI e comprobación coa lista de admitidos a medida que van entrando na aula, ao mesmo tempo entrégaselle unha folla coas instrucións para o desenvolvemento da proba.

Comparecen para realizar o exercicio os candidatos que se relacionan a continuación:

Apelidos e nome	NIF
ANTELO CUNS, NEREA	...886 G
BARREIRO GAREA, YOLANDA	...463 Z
BARREIRO LÓPEZ, SOFÍA	...719 R
BASTOS GUISANDE, NURIA	...427 L
BLANCO CALVIÑO, ALBA	...691 P
CAMPAL FERNÁNDEZ, JOSÉ MANUEL	...352 P
CASTRO GIGIREY, MARÍA DEL PILAR	...526 N



COBAS ÁLVAREZ, PABLO	...932 F
CORTEGOSO ACUÑA, ANA CRISTINA	...951 D
COUTO VIANA, CRISTINA	...071 Z
CRESPO ALONSO, JOSÉ ANTONIO	...469 H
CRISTOBALENA PINTOR, BEATRIZ	...106 J
DACUNHA PAZOS, ALBERTO	...371 Q
DOCAMPO ROBLES, DANIEL	...089 S
DOMÍNGUEZ COSTA, ALEJANDRO	...839 Y
FERNÁNDEZ LAGO, DAVID	...467 F
FERREIRO MARZOA, NOELIA	...968 C
GONZÁLEZ BAÑOS, ESTEFANÍA	...525 G
GONZÁLEZ PALAU, DANIEL	...602 Q
GOSENGE MATO, MARÍA MERCEDES	...116 E
JUNCAL VILARIÑO, ANA MARÍA	...251 S
LEMA AMADO, NOELIA MARÍA	...120 P
MACEIRA UZAL, MARTA MARÍA	...455 F
MARTÍNEZ AMARELLE, IRIA	...820 Q
MARTÍNEZ SAAVEDRA, CECILIA	...845 V
NESPEREIRA VENTOSELA, LAURA	...901 P
OTERO CASAL TATIANA	...599N
PADILLA CAMPOS, JORGE	...830 H
PARADELA VAZQUEZ, ROCÍO	...649 S
PAZOS PÉREZ, JOSÉ ANDRÉS	...278 X
REGUEIRA FANDIÑO, RAQUEL	...138 D
REY PARÍS, ALEXANDRO	...388Q
RIBEIRA ARMAN, JESÚS	...080 L
RODRÍGUEZ BENLLOCH, FERNANDO	...964 R
RODRÍGUEZ VAAMONDE, MARÍA DEL MAR	...659 J
RODRÍGUEZ VARELA-GRANDAL, ALEXANDRA	...922 Y
ROMÁN RADIO, GABRIEL	...127 S
ROSALES OTERO, LUCÍA	...946 H
SEIJAS TUÑAS, ROSALIA	...745 X
SEJAR CARBAJALES, BEATRIZ	...483 A
SIEIRA MARTINEZ, PLÁCIDA	...876 N
SILVA CANABAL, LUCÍA	...354 C
TALLÓN CARREIRA, MANUEL	...299 D
VILAS LAVANDEIRA, JULIA	...915 D

Seguidamente, distribúense de forma aleatoria entre os aspirantes os sobres grandes brancos contendo a documentación preparada para a realización da proba. Unha vez consignados os datos do candidato no impreso correspondente e pegadas as etiquetas no



exame e no sobre pequeno, iníciase o exercicio cun tempo de duración máximo de dúas horas, conforme ao previsto nas bases.

Formúlanse por diversos aspirantes aclaracións a determinadas dúbidas que son resoltas polo tribunal. Decídese no propio acto a anulación da pregunta nº 9.

A medida que os participantes rematan o exame, os membros do Tribunal recollen os sobres grandes contendo o cuestionario do exame e o sobre pequeno cos datos de identificación cerrado, ambos coas súas etiquetas identificativas pegadas.

Finalizado o exercicio, os membros do tribunal trasladan á Casa do Concello a documentación dos exames, quedando custodiada na Secretaría municipal, e acórdase fixar a próxima reunión para o día 23 de marzo de 2022, ás 16 horas.

O señor presidente declara finalizado o acto, sendo as vinte horas e trinta minutos do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta autorizada coa firma dos asistentes, de que eu secretario certifico.



**ACTA DE SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A SELECCIÓN DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO  
CON CARÁCTER LABORAL TEMPORALL DO DÍA 23 DE MARZO DE 2022**

Na Casa do Concello de Touro, sendo as dezaseis horas do día vinte e tres de marzo de dous mil vinte e dous, reúnen-se os membros do Tribunal designado para a selección dun auxiliar administrativo laboral temporal, que se relacionan a continuación:

Presidente: Jesús José Reboredo González, secretario accidental do Concello.

Vogais: D<sup>a</sup> María Cruz Andrade García, secretaria do Concello de Melide.

D<sup>a</sup> María José Nartallo Penas, secretaria-Interventora Concello de Trazo.

D<sup>a</sup> María Nieves González Mujico, educadora familiar do Concello.

Secretario: D José Ramón Casal Orza, auxiliar administrativo do Concello.

Constituído o tribunal co obxecto de realizar a cualificación dos exames realizados o pasado día 15 de marzo de 2022 e tendo en conta que se presentaron varias alegacións e reclamacións ao cuestionario do exame, o Tribunal acorda:

Primeiro.- Resolver as alegacións e reclamacións presentadas ata o día de hoxe, que se transcriben a continuación:

1. Reclamación presentada por D<sup>a</sup> Cecilia Martínez Saavedra (nº rexistro: 202299900000054), relativa á pregunta nº 4: A resposta correcta é a 4.B) e non a 4.A) que figuraba na plantilla publicada inicialmente. Trátase dun erro material de transcripción que xa foi corrixido na segunda publicación da plantilla.
2. Reclamación presentada por D<sup>a</sup> Cecilia Martínez Saavedra (nº rexistro: 202299900000055), relativa á pregunta nº 5: A resposta correcta é a 5.D) e non a 5.B) que figuraba na plantilla publicada inicialmente. Trátase dun erro material de transcripción que xa foi corrixido na segunda publicación da plantilla.
3. Reclamación presentada por D<sup>a</sup> Cecilia Martínez Saavedra (nº rexistro: 202299900000056), referente á pregunta nº 48: A resposta correcta é a 48.D). Non a 48.A) como reclama a interesada.
4. Reclamación presentada por D<sup>a</sup> Lucía Silva Canabal (nº rexistro 202299900000059) :
  - a) En relación á pregunta nº 22, sinala como correcta a resposta D), sendo que na plantilla figuraba a opción B). O Tribunal acepta a reclamación formulada. Trátase dun erro material que será corrixido.
  - b) En canto á solicitude de que se anulen as seguintes preguntas por estar fora do temario, o Tribunal non acepta a reclamación polos seguintes motivos:
    - Pregunta 2: Incluída no tema 12.
    - Pregunta 8: Incluída nos temas 16 e 17.
    - Pregunta 9: Anulada polo tribunal durante a realización do exercicio.
    - Preguntas 14, 15 e 16: Incluídas no tema 9.
    - Pregunta 48: A resposta correcta como se sinala no apartado 3 é 48.D).
    - Pregunta 50: Incluída no tema 20.
    - Pregunta 56: Incluída no tema 7.
    - Preguntas 57 e 64: Incluídas no tema 9.



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

- c) Que se anulen as preguntas 3, 5, 12, 48, 53, 59 e 60 por ser contrarias ao artigo 61 do TREBEP: O Tribunal non toma en consideración a reclamación por entender que é un xuízo de valor da interesada e non unha alegación.
- d) Que se aclare o motivo da anulación da pregunta número 9: Considera o Tribunal que o motivo foi suficientemente aclarado no momento que se formulou a dúbida por parte dalgúns opositores.
- e) Respecto á solicitude nº 5 da reclamación, o Tribunal considera novamente que se trata de un xuízo de valor da reclamante.

5. Reclamación presentada por D<sup>a</sup> Nuria Bastos Guisande (nº rexistro: 202299900000060):  
- O tribunal puxo a disposición de todos os opositores o exame nas dúas versións, galego e castelán. Non obstante a reclamante pode solicitar unha copia nas dependencias municipais.

6. Reclamación presentada por D<sup>a</sup> Tatiana Otero Casal (nº rexistro: 202299900000062):

- a) Preguntas 14,15,16: Contestada na alegación 4.b)
- b) Pregunta 48: Contestada na alegación 4.b)
- c) Pregunta 57. Contestada na alegación 4.b)
- d) Pregunta 59. Relativa ao tema 20.
- e) Anular pregunta reserva nº3: Relativa aos temas 7 e 9.

7. Reclamación presentada por D. Gabriel Román Radío (nº rexistro: 202299900000065):

- a) Pregunta nº 15: A resposta correcta é a D), xa que aparecen de xeito literal as fórmulas de prestación dos servizos sociais no artigo 29 da Lei 13/2008.
- b) Pregunta nº 22. Xa contestada na alegación 4.a).
- c) Pregunta nº 76: Rexeitase, xa que só existe unha resposta correcta, que é a B), o ROF fala exclusivamente de asistir e non consultar.

8. Reclamación presentada por D<sup>a</sup> Lucía Silva Canabal (nº rexistro: 202299900000067):

- a) O tribunal entende que a reclamante está a facer un xuízo de valor. Non considera o tribunal que existira ningunha irregularidade .
- b) O Tribunal decide as preguntas a formular.
- c) Publicaranse as actas na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.
- d) Xa contestada na alegación número 5: O tribunal puxo a disposición de todos os opositores o exame nas dúas versións, galego e castelán. Non obstante a reclamante pode solicitar unha copia nas dependencias municipais.

Segundo.- Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, publicar na páxina web a plantilla de respostas correctas.

Terceiro.- Realizada a valoración dos exames feitos o día 15 de marzo de 2022, conforme ás modificacións acordadas, resultan os resultados provisionais seguintes:

Nº Identificativo do exame	Preguntas contestadas correctamente	Puntuación
35	49	6,125
36	28	3,5
37	61	7,625
38	47	5,875



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

39	31	3,875
40	48	6
41	37	4,625
42	51	6,375
44	61	7,625
45	58	7,25
46	54	6,75
62	52	6,5
63	26	3,25
65	63	7,875
66	53	6,625
67	41	5,125
68	54	6,75
69	40	5
70	56	7
71	65	8,125
72	51	6,375
73	52	6,5
74	63	7,875
75	48	6
76	60	7,5
77	50	6,25
80	63	7,875
81	38	4,75
82	57	7,125
86	54	6,75
87	48	6
88	59	7,375
89	42	5,25
90	44	5,5
92	50	6,25
93	50	6,25
94	38	4,75
95	55	6,875
96	41	5,125
97	47	5,875
98	42	5,25
99	50	6,25
100	40	5
101	46	5,75

**Cuarto.-** Expoñer ao público a lista cos resultados provisionais por prazo de tres días hábiles, conforme á base 9ª da convocatoria.

**Quinto.-** Fixar o día 25 de marzo de 2022, ás 12 horas, para a apertura -en acto público- das plicas identificativas dos participantes na proba realizada, que terá lugar no Salón de Plenos do Concello.



O señor Presidente declara finalizada a sesión, sendo as dezanove horas do día ao principio indicado, firmando os asistentes a presente acta en proba de conformidade, de todo o cal dou fe.



**ACTA DA SESIÓN DO DÍA 25 DE MARZO DE 2022 DO TRIBUNAL CONSTITUÍDO PARA A SELECCIÓN DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL, PARA APERTURA DE PLICAS DO EXERCICIO REALIZADO O 15 DE MARZO DE 2022.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Touro, sendo as doce horas do día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e dous, constitúese o Tribunal encargado da selección dun auxiliar-administrativo con carácter de laboral temporal, conforme ao establecido na base sétima da convocatoria publicada no Boletín oficial da Provincia nº 213, de data 9 de novembro de 2021, integrado polos seguintes membros:

Presidente: Jesús José Reboredo González, secretario accidental do Concello.

Vogal.....: D<sup>a</sup> María Nieves González Mujico, educadora familiar do Concello.

Secretario: D José Ramón Casal Orza, auxiliar administrativo do Concello.

O señor presidente declara validamente constituído o Tribunal, conforme ao establecido no artigo 17 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

Conforme á convocatoria efectuada na reunión do tribunal do día 23 de marzo en curso, o obxecto da presente reunión é proceder á apertura, en acto público, das plicas identificativas dos participantes no exercicio realizado do día 15 de marzo de 2022.

Declárase público o acto. Non asiste ningunha persoa interesada no proceso.

Seguidamente iníciase a apertura dos sobres identificativos pola orde de numeración con que se publicaron as puntuacións provisionais, co seguinte resultado:

Nº identificativo do exame	Apelidos e nome	Puntuación
35	Cobas Álvarez, Pablo	6,125
36	Domínguez Costa, Alejandro	3,5
37	Rodríguez Benlloch, Fernando	7,625
38	Sieira Martínez, Plácida	5,875
39	Cristobalena Pintor, Beatriz	3,875
40	Bastos Guisande, Nuria	6
41	Maceira Uzal, Marta María	4,625
42	Campal Fernández, José Manuel	6,375
44	Rodríguez Varela-Grandal, Alexandra	7,625
45	Paradela Vázquez, Rocío	7,25
46	Docampo Robles, Daniel	6,75
62	Castro Gigirey, María Pilar	6,5
63	Gosende Mato, María Mercedes	3,25
65	Antelo Cuns, Nerea	7,875
66	Regueira Fandiño, Raquel	6,625
67	Pazos Pérez, José Andrés	5,125
68	González Palau, Daniel	6,75
69	González Baños, Estefanía	5
70	Nespereira Ventosela, Laura	7
71	Dacunha Pazos, Alberto	8,125
72	Couto Viana, Cristina	6,375





# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

73	Rodríguez Vaamonde, María	6,5
74	Lema Amado, Noelia María	7,875
75	Blanco Calviño, Alba	6
76	Cortegoso Acuña, Ana Cristina	7,5
77	Martínez Saavedra, Cecilia	6,25
80	Otero Casal, Tatiana	7,875
81	Rosales Otero, Lucía	4,75
82	Tallón Carreira, Manuel	7,125
86	Román Radío, Gabriel	6,75
87	Ribeira Armán, Jesús	6
88	Silva Canabal, Lucía	7,375
89	Padilla Campos, Jorge	5,25
90	Juncal Vilariño, Ana María	5,5
92	Ferreiro Marzoa, Noelia	6,25
93	Crespo Alonso, José Antonio	6,25
94	Rey París, Alexandro	4,75
95	Barreiro López, Sofía	6,875
96	Seijas Tuñas, Rosalía	5,125
97	Martínez Amarelle, Iria	5,875
98	Fernández Lago, David	5,25
99	Vilas Lavandeira, Julia	6,25
100	Barreiro Garea, Yolanda	5
101	Sesar Carbajales, Beatriz	5,75

O señor presidente declara finalizado o acto, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta autorizada coa firma dos asistentes, de que eu secretario certifico.



**ACTA DE SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A SELECCIÓN DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO CON CARÁCTER LABORAL TEMPORALL DO DÍA 29 DE MARZO DE 2022**

Na Casa do Concello de Touro, sendo as doce horas do día vinte e nove de marzo de dous mil vinte e dous, reúnense os membros do Tribunal designado para a selección dun auxiliar administrativo laboral temporal, que se relacionan a continuación:

Presidente: Jesús José Reboredo González, secretario accidental do Concello.

Vogais.....: D<sup>a</sup> María Cruz Andrade García, secretaria do Concello de Melide.

D<sup>a</sup> María José Nartallo Penas, secretaria-Interventora Concello de Trazo.

D<sup>a</sup> María Nieves González Mujico, educadora familiar do Concello.

Secretario: D José Ramón Casal Orza, auxiliar administrativo do Concello.

Constitúese o tribunal conforme ao establecido polo artigo 17 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, asistindo a distancia D<sup>a</sup> María Cruz Andrade García e D<sup>a</sup> María José Nartallo Penas e o resto dos membros de forma presencial.

O obxecto da convocatoria é a resolución das reclamacións presentadas durante o prazo de exposición ao público dos resultados provisionais do proceso de selección.

Examinadas as alegacións e reclamacións presentadas desde o día 23 de marzo de 2022, o Tribunal acorda:

Primeiro.- Resolver as reclamacións que se transcriben a continuación:

1. Reclamación presentada por D<sup>a</sup> Laura Nespereira Ventosela (nº rexistro: 202299900000070), relativa ás preguntas seguintes:
  - a) Pregunta nº 34: Propón como resposta correcta a 34.B). O Tribunal mantén a resposta correcta que figura na plantilla, atendendo á literalidade da norma aludida.
  - b) Pregunta nº 48: Propón como resposta correcta a 48.A). O Tribunal mantén como correcta a resposta a 48.D), seguindo o criterio adoptado na sesión do día 23/03/2022.
  - c) Pregunta nº 80: Propón como resposta correcta a 80.A). O Tribunal mantén como correcta a resposta 80.B). A pregunta non se formula baseándose na literalidade da Lei. O fundamento da resposta correcta está no artigo 30.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC
2. Reclamación presentada por D. Jorge Padilla Campos (nº rexistro: 202299900000071), relativa á pregunta nº 80: Xa resolta no apartado 2.c) anterior.
3. Reclamación presentada por D<sup>a</sup> Pilar Castro Gigirey (nº rexistro: 202290000000208), relativa ás preguntas seguintes.
  - a) Pregunta nº 23: Propón como resposta correcta a 23.D). O Tribunal mantén como correcta a resposta 23.A), xa que só o Alcalde pode ditar decretos.
  - b) Pregunta nº 80: Propón como correcta a resposta a 80.A). Xa resolta nos apartados 1.c) e 2 anteriores.
4. Reclamación presentada por D<sup>a</sup> Raquel Regueira Fandiño (nº rexistro: 202290000000214), relativa ás preguntas seguintes:



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

- a) Preguntas números 1, 8, 30, 56, 62 e 64: Solicita a súa anulación por estar fóra da convocatoria. O Tribunal considera que as citadas preguntas correspóndense cos temas seguintes do Anexo I da convocatoria:
- Preguntas 1, 30 e 62: Tema 19.
  - Pregunta 8: Temas 16 e 17.
  - Pregunta 56: Tema 7.
  - Pregunta 64: Tema 6.
- b) Pregunta nº 48: Resolta no apartado 1.b) deste acordo.

Segundo.- Elevar a definitivas as puntuacións provisionais aprobadas e publicadas o día 23 de marzo de 2022, xunto coa identificación dos opositores conforme á apertura de plicas realizada o día 25 de marzo de 2022, que se transcriben a continuación:

Nº identificativo do exame	Apelidos e nome	Puntuación
71	Dacunha Pazos, Alberto	8,125
65	Antelo Cuns, Nerea	7,875
74	Lema Amado, Noelia María	7,875
80	Otero Casal, Tatiana	7,875
37	Rodríguez Benlloch, Fernando	7,625
44	Rodríguez Varela-Grandal, Alexandra	7,625
76	Cortegoso Acuña, Ana Cristina	7,5
88	Silva Canabal, Lucía	7,375
45	Paradela Vázquez, Rocío	7,25
82	Tallón Carreira, Manuel	7,125
70	Nespereira Ventosela, Laura	7
95	Barreiro López, Sofía	6,875
46	Docampo Robles, Daniel	6,75
68	González Palau, Daniel	6,75
86	Román Radío, Gabriel	6,75
66	Regueira Fandiño, Raquel	6,625
62	Castro Gigirey, María Pilar	6,5
73	Rodríguez Vaamonde, María	6,5
42	Campal Fernández, José Manuel	6,375
72	Couto Viana, Cristina	6,375
77	Martínez Saavedra, Cecilia	6,25
92	Ferreiro Marzoa, Noelia	6,25
93	Crespo Alonso, José Antonio	6,25
99	Vilas Lavandeira, Julia	6,25
35	Cobas Álvarez, Pablo	6,125
40	Bastos Guisande, Nuria	6
75	Blanco Calviño, Alba	6
87	Ribeira Armán, Jesús	6
38	Sieira Martínez, Plácida	5,875
97	Martínez Amarelle, Iria	5,875
101	Sesar Carbajales, Beatriz	5,75



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

90	Juncal Vilariño, Ana María	5,5
89	Padilla Campos, Jorge	5,25
98	Fernández Lago, David	5,25
67	Pazos Pérez, José Andrés	5,125
96	Seijas Tuñas, Rosalía	5,125
69	González Baños, Estefania	5
100	Barreiro Garea, Yolanda	5
81	Rosales Otero, Lucía	4,75
94	Rey París, Alexandro	4,75
41	Maceira Uzal, Marta María	4,625
39	Cristobalena Pintor, Beatriz	3,875
36	Domínguez Costa, Alejandro	3,5
63	Gosende Mato, María Mercedes	3,25

**Cuarto.**- Publicar na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios os resultados definitivos do proceso de selección dun auxiliar administrativo de carácter laboral temporal.

**Quinto.**- Propoñer ao señor Alcalde a contratación de D. Alberto Dacunha Pazos, por ser o candidato que alcanzou a maior puntuación no proceso de selección.

O señor Presidente declara finalizada a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do día ao principio indicado, firmando os asistentes a presente acta en proba de conformidade, de todo o cal dou fe.

Firmado por REBOREDO GONZALEZ  
JESUS JOSE - \*\*\*1519\*\* el día  
29/03/2022 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios

Firmado por GONZALEZ MUJICO  
MARIA NIEVES - \*\*\*1825\*\* el día  
29/03/2022 con un certificado

Firmado por JOSÉ RAMÓN CASAL  
ORZA - \*\*\*8049\*\* el día  
29/03/2022 con un  
certificado emitido por AC

**MARÍA CRUZ  
ANDRADE  
GARCÍA -  
14582118A**

Firmado digitalmente por MARÍA CRUZ  
ANDRADE GARCÍA - 14582118A  
Nombre de reconocimiento (DN): cn=MARÍA  
CRUZ ANDRADE GARCÍA - 14582118A,  
givenName=MARÍA CRUZ, sn=ANDRADE  
GARCÍA - 14582118A,  
serialNumber=DCE:14582118A,  
2.5.4.97=VATES-P1504700D, ou=CERTIFICADO  
ELECTRONICO DE EMPLEADO PUBLICO,  
o=CONCELLO DE MELIDE, c=ES  
Fecha: 2022.03.29 13:53:13 +02'00'

**NARTALLO  
PENAS MARIA  
JOSE -  
33255957G**  
Firmado digitalmente  
por NARTALLO PENAS  
MARIA JOSE -  
33255957G  
Fecha: 2022.03.29  
14:07:24 +02'00'



**Acta da sesión do Tribunal cualificador do proceso de selección dun auxiliar administrativo de carácter laboral temporal, celebrada o día 30 de marzo de 2022, para a realización do sorteo de desempate de puntuacións entre as tres candidatas clasificadas en segundo lugar, por renuncia do clasificado en primeiro lugar.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Touro, sendo as nove horas e trinta minutos do día trinta de marzo de dous mil vinte e dous, constitúese o Tribunal encargado da selección dun auxiliar-administrativo con carácter de laboral temporal, conforme ao establecido nas bases da convocatoria publicada no Boletín oficial da Provincia nº 213, de data 9 de novembro de 2021; integrado polos seguintes membros:

Presidente: Jesús José Reboredo González, secretario accidental do Concello.

Vogal.....: D<sup>a</sup> María Nieves González Mujico, educadora familiar do Concello.

Secretario: D José Ramón Casal Orza, auxiliar administrativo do Concello.

Escusan a súa asistencia D<sup>a</sup> María Cruz Andrade García e D<sup>a</sup> María José Nartallo Penas, por incompatibilidade coa súa xornada laboral. O señor presidente declara validamente constituído o Tribunal, conforme ao establecido no artigo 17 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

O Tribunal na reunión do día 29 de marzo de 2022 elevou a definitivas as puntuacións do proceso de selección realizado o día 15 de marzo de 2022, no que obtivo a maior puntuación con 8,125 puntos o candidato D. Alberto Dacunha Pazos, resultando proposto para a súa contratación.

Publicadas as puntuacións definitivas, o candidato D. Alberto Dacunha Pazos presentou o mesmo día 29 de marzo a súa renuncia á contratación.

Resultando que no segundo lugar están empatadas a puntos as candidatas seguintes:

Nº identificativo do exame	Apelidos e nome	Puntuación
65	Antelo Cuns, Nerea	7,875
74	Lema Amado, Noelia María	7,875
80	Otero Casal, Tatiana	7,875

Tendo en conta que nas bases da convocatoria non se estableceu ningún sistema de desempate, procede realizar un sorteo entre as tres opositoras, sendo convocadas polo tribunal para levalo a cabo hoxe, día 30 de marzo, ás 9:30 horas, no salón de plenos do Concello.

Comparecen as tres candidatas e acórdase realizar o sorteo mediante a introdución de tres bolas nunha bolsa opaca cos números identificativos dos exames de cada unha, resultando seleccionada a candidata cuxo número identificativo sexa extraído en primeiro lugar. As candidatas cuxos números se extraían en segundo e terceiro lugar quedarán como suplentes para o caso de renuncia.

As candidatas introducen as bolas co seu número identificativo na bolsa e unha vez axitada suficientemente, polo presidente do Tribunal procédese a facer as extraccións co resultado seguinte:

1. Extráese en primeiro lugar a bola co número 80, que corresponde a D<sup>a</sup> Tatiana Otero Casal.
2. A bola extraída en segundo lugar ten o número 74, que corresponde a D<sup>a</sup> Noelia María Lema Amado.



3. Por último extráese a bola número 65, que corresponde a D<sup>a</sup> Nerea Antelo Cuns.

Á vista do resultado do sorteo, o Tribunal propón ao señor Alcalde a contratación de D<sup>a</sup> Tatiana Otero Casal, como auxiliar administrativo con carácter de laboral temporal.

O señor presidente declara finalizado o acto, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos minutos do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta que firman xunto cos membros do tribunal as candidatas participantes no sorteo, do que eu, secretario, certifico.